



CONSORCIO
CASCOVELLO
DE VIGO

MEMORIA ANUAL 2020



ÍNDICE

| | | | |
|--|----|--|----|
| SAÚDA DO PRESIDENTE DO CCVV | 04 | | |
| INTRODUCCIÓN | 06 | | |
| • O Consorcio Casco Vello de Vigo | 07 | | |
| • Equipo humano do CCVV..... | 09 | | |
| QUINCE ANOS DO CONSORCIO CASCO VELLO | 10 | | |
| PROGRAMA DE VIVENDAS | 14 | | |
| • Obra nova do CCVV | 15 | | |
| • Fichas das promocións..... | 18 | | |
| • (10ª FASE) Cruz Verde, 8..... | 19 | | |
| • (11ª FASE) Berbés, 41..... | 20 | | |
| • (11ª FASE) Abeleira Menéndez, 16 | 21 | | |
| • (12ª FASE) Berbés, 29-31..... | 22 | | |
| • (12ª FASE) San Francisco, 15..... | 23 | | |
| • Elduayen 31..... | 24 | | |
| PRÓXIMAS PROMOCIÓN..... | 25 | | |
| • (EN PROXECTO) Subida ao Castelo, 9..... | 26 | | |
| • (FASE ELABORACIÓN DO PROXECTO) Real, 13..... | 27 | | |
| SORTEO CRUZ VERDE, 12 Y REAL, 25 (2º ANDAR)..... | 28 | | |
| FASES DE VPA PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES..... | 32 | | |
| • (Realoxos) Real, 25..... | 33 | | |
| • (1º FASE) Real, 16..... | 34 | | |
| • (1ª FASE) Abeleira Menéndez, 11 | 35 | | |
| • (1ª FASE) Abeleira Menéndez 13-15..... | 36 | | |
| • (1ª FASE) Santiago 11-13-15-17 | 37 | | |
| • (1ª FASE) Santiago, 19..... | 38 | | |
| • (2ª FASE) Abeleira Menéndez 24-26 | 39 | | |
| • (2ª FASE) Abeleira Menéndez 18-20 | 40 | | |
| • (2ª FASE) Cruz Verde, 5 | 41 | | |
| • (3ª FASE) Cuarteirón Ferraría-San Sebastián: Ferraría 11-13-17-19 e San Sebastián 1-3-5-7 | 42 | | |
| • (3ª FASE) Hortas 10-12 | 43 | | |
| • (3ª FASE) Cuarteirón Castelo de San Sebastián: San Sebastián 8-12-14 | 44 | | |
| | | • (4ª FASE) Ferrería 25, 27, 29, 31..... | 45 |
| | | • (4ª FASE) Ferrería 33-35..... | 46 |
| | | • (4ª FASE) Canellón do Estreito, 12..... | 47 |
| | | • (5ª FASE, sorteadas en 2015) Cuarteirón Castelo de San Sebastián: San Sebastián 4-6/Subida ao Castelo 5-7 | 48 |
| | | • (6ª FASE, sorteadas en 2015) Ferrería 3-5-7 | 49 |
| | | • (6ª FASE, sorteadas en 2015) San Sebastián 24-26 | 50 |
| | | • (7ª FASE, sorteadas en 2015) Ferrería 10-12 | 51 |
| | | • (7ª FASE, sorteadas en 2015) Ferrería 45-47 | 52 |
| | | • (8ª FASE) Subida á Costa 5 | 53 |
| | | • (8ª FASE) Subida ao Castelo 12 | 54 |
| | | • (9ª FASE) Ferrería, 8 | 55 |
| | | • (9ª FASE) Cruz Verde, 8 | 56 |
| | | PLANO ESTADO OBRAS DO CCVV | 58 |
| | | PROGRAMA LOCAIS COMERCIAIS..... | 62 |
| | | • Habilitación de novos locais..... | 63 |
| | | COMUNICACIÓN DO CCVV | 66 |
| | | • Resumo anual | 67 |
| | | • Novas publicadas nos medios de comunicación escritos | 72 |
| | | CONTAS DO CCVV | 78 |
| | | ÓRGANOS DE GOBERNO..... | 79 |
| | | • Actas Consellos de Administración | 80 |
| | | • Actas Comités Executivos..... | 82 |

SAÚDA PRESIDENTA CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO

Tras dezaseis anos é máis que evidente o valiosísimo traballo que está a efectuar o Consorcio Casco Vello de Vigo. A recuperación do barrio histórico da cidade, a través dunha rehabilitación integral no plano arquitectónico, urbanístico e social, é xa una realidade imparabile. Un exemplo de logros e obxectivos cumpridos. O rexurdir dunha zona que hoxe dá probas da súa vitalidade cando ata hai ben pouco semellaba un soño inalcanzable.

Orgullo é o que sinto de levar a presidencia do Consorcio Casco Vello na miña condición de delegada territorial da Xunta na cidade, xa que non hai nada máis gratificante que poder investir dunha mesma vez en dous aspectos tan importantes como o é facilitar o acceso das familias a unha vivenda e recuperar a vida do noso centro histórico.

Aquel soño iniciado en 2005 é o que hoxe comparten e poden gozar as máis de 110 familias que residen nel e os comerciantes e empresas que operan dende o corazón da nosa cidade.

Ben mereceu a pena redobrar esforzos nos últimos dous anos nos que a Xunta duplicou a súa achega económica, chegando a superar neste tempo os 28 millóns de euros. Unha cantidade que fixo posible a adquisición de 82 dos 232 edificios catalogados en estado deficiente no noso Casco Vello

Seguimos, polo tanto construíndo cidade, contribuíndo á transformación do Vigo que queremos para o noso futuro máis inmediato. Pasear polas rúas Ferrería, Abeleira Menéndez ou San Sebastián é a mellor sinal



da mudanza dunha zona emblemática e do compromiso da Xunta de Galicia co patrimonio histórico da nosa zona antiga.

E pasiño a pasiño, sen presa pero sen pausa, imos recuperando a nosa fachada marítima, coa rehabilitación do edificio Redeiras, cedido polo Consorcio Casco Vello de Vigo (**fruto de un Convenio coa Universidade**) e no que a Xunta de Galicia investiu 2 millóns de euros nunha mostra máis da implicación do Goberno galego coa cidade, coa Universidade e coa zona vella.

Berce de Vigo, conseguimos revertir unha tendencia á que parecía que estabamos afeitos e recuperar unha zona, o noso Berbés, que non foi alleo ao pasos dos anos e ao abandono. Alí onde hoxe se erixe o primeiro albergue de peregrinos da rede pública do Camiño Portugués da Costa, o albergue público Juan Manuel López-Chaves, e que esta a piques de recibir ás novas familias que ocuparán as rehabilitacións de **Berbés 41, Berbés 29 e San Francisco 15.**

E non por vella debemos renunciar á aspiración de que o Concello, cun 10 por cento de representación neste organismo, se implique nesta labor de rehabilitación e facilite ao Consorcio a adquisición de varios inmobles que por distintas razóns o Consorcio Casco Vello non é quen de adquirir, facilitando a vía da expropiación. Da súa vontade e interese depende nunha parte importante que podamos darlle continuidade a este gran proxecto integral e transformador.

Marta Fernández-Tapias

Presidenta do Consorcio Casco Vello de Vigo e delegada territorial da Xunta de Galicia



INTRODUCCIÓN

O CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO
EQUIPO HUMANO DO CCVV

INTRODUCCIÓN

CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO

As moi especiais e excepcionais condicións impostas pola pandemia do Covid 19 proxectáronse, como era inevitable, nas actuacións levadas a cabo polo **Consortio Casco Vello de Vigo (CCVV)** durante 2020, eclipsando dalgunha maneira, ademais, a conmemoración do décimo quinto aniversario da constitución deste organismo.

A pesar diso, e da inevitable repercusión da pandemia no proceso de funcionamento do Consortio, é de destacar o gran esforzo humano e técnico realizado por todos os participantes no mesmo,- arquitectos, técnicos, empregados das empresas de construción...- e, moi especialmente, polo persoal do **CCVV**. Nun breve prazo de tempo adoptáronse as medidas sanitarias e administrativas necesarias para adaptar a actividade do Consortio ás extraordinarias circunstancias vividas durante este ano. Teletraballo, impulso das actividades telemáticas, controis de acceso, implementación e seguimento de medidas sanitarias, tanto nas oficinas do **CCVV** como nas obras en execución, e outras actuacións convertéronse en realidades cotiás no día a día para garantir a continuidade do obxectivo deste organismo: a recuperación integral do **Casco Vello** para a cidadanía e visitantes de Vigo.

Froito deste esforzo ao longo de 2020 o Consortio mantivo activos os traballos nun total de 8 promocións, ben mediante a realización das tarefas efectivas de rehabilitación, ben mediante o desenvolvemento dunha serie de traballos previos ás obras en se (estudos de valoración de inmobles para a súa posible adquisición, elaboración de proxectos,



Foto: Alex Fernández Photography



Foto: Alex Fernández Photography

tramitación de licenzas de todo tipo, etcétera).

No primeiro caso, a execución das rehabilitacións, atópanse as promocións **Cruz Verde, 12; Praza do Berbes, 41; Abeleira Menéndez,16; San Francisco, 15 e Praza do Berbés 29-31.**

No segundo destacan os traballos realizados para a próxima posta en marcha da recuperación dos edificios situados en **Real, 13 ; Subida ao Castelo, 9 e Elduayen, 31** así como para a venda da segunda planta de **Real,25**, incluída no décimo sorteo de VPA de obras promovidas polo Concello ao concluír o dereito de superficie que sobre esta vivenda constituíuse en 2009.

Noutra orde de cousas é importante destacar a decisión adoptada polo Consello de Administración do **CCVV** no mes de novembro, que supoñerá a modificación do *plan de actuacións 2018-2024* para adaptalo ás novas condicións urbanísticas, financeiras e sociais nas que se enmarca a actividade do Consorcio. O documento que recollerá as novas orientacións de actuación atópase en fase de elaboración e presentárase cara ao final do primeiro trimestre de 2021. En calquera caso é de destacar o feito de que o plan de investimentos para 2021, aprobado na mesma reunión, contempla a intervención en dez promocións cun investimento previsto de 3.057.000 €.

Así mesmo, durante 2020 continúo en vigor o *Plan de Erradicación de Termitas* posto en marcha en 2015 e que, por acordo do comité do 26 de novembro, prorrógase durante un ano máis como consecuencia de dous factores: a realización de varias obras –instalación de escaleiras mecánicas en **II República**, apertura de túnel en **Porta de Sol**- nas inmediacións do ámbito de intervención do plan e os xa citados efectos da pandemia que dificultaron o acceso a varios dos puntos de control e cebos necesarios para loitar contra estes insectos.

Aínda que non executadas directamente polo Consorcio cabe destacar tamén o avance en dúas importantes intervencións realizadas respectivamente pola **Universidade de Vigo** e a **Axencia de Turismo de Galicia** en edificios cedidos mediante senllos convenios polo **CCVV**. En concreto trátanse da *Nova Sede Urbana da Universidade de Vigo* e do *Albergue de Peregrinos do Camiño de Santiago*, cuxas inauguracións están previstas para 2021.



Foto: Alex Fernández Photography



Foto: Alex Fernández Photography

INTRODUCCIÓN

EQUIPO HUMANO DO CCVV

CONSELLO ADMINISTRACIÓN

Presidenta: **Corina Porro Martínez**, *(ata 8/06/2020)*

Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Vigo

Presidenta: **Marta Iglesias Bueno**, *(desde 16/06/2020)*

Delegada Territorial en funcións da Xunta de Galicia en Vigo

Presidenta: **Marta M^a. Fernández-Tapias Nuñez**, *(desde 24/09/2020)*

Delegada Territorial da Xunta de Galicia en Vigo

Vicepresidente: **Francisco Javier Pardo Espiñeira**

Vogais do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS):

Corina Porro Martínez, *(ata 8/06/2020)*

Delegada Territorial da Xunta de Galicia en Vigo

Marta Iglesias Bueno, *(desde 16/06/2020)*

Delegada Territorial en funcións da Xunta de Galicia en Vigo

Marta M^a. Fernández-Tapias Nuñez, *(desde 24/09/2020)*

Delegada Territorial da Xunta de Galicia en Vigo

Santiago José Varela Vidal,

Empresario

Manuel González González,

Xefe Territorial da Consellería de Medioambiente, Territorio e Vivenda de Pontevedra

María Martínez Allegue,

Xefa da Área Provincial do IGVS de Pontevedra

Vogáis do Concello de Vigo:

María José Caríde Estévez,

Concelleira de Urbanismo no ámbito do Casco Vello (PSdeG)

Carlos López-Font,

Concelleiro do PSdeG

Francisco Javier Pardo Espiñeira,

Concelleiro do PSdeG

Elena Muñoz Fonteriz,

Concelleira do PPdeG

Vogais do CCVV:

Xerente : **Alfonso Ramos Covelo**

Interventor: **Luís García Álvarez**

Secretaria: **Marta María Riobó Ibáñez**

COMITÉ EXECUTIVO

Presidenta: **Corina Porro Martínez**, *(ata 8/06/2020)*

Presidenta: **Marta Iglesias Bueno**, *(desde 16/06/2020)*

Presidenta: **Marta M^a. Fernández-Tapias Nuñez**, *(desde 24/09/2020)*

María José Caríde Estévez,

en representación do Concello de Vigo

Manuel González González,

en representación do IGVS

María Martínez Allegue,

en representación do IGVS

Secretaria: **Marta María Riobó Ibáñez**

PERSOAL OFICIÑA DO CCVV

Alfonso Ramos Covelo,

Xerente

Nuria Campos Díaz,


Directora da Área Técnica de Proxectos

QUINCE ANOS DO CONSORCIO CASCO VELLO

O **Consortio Casco Vello de Vigo** quedó constituído o 3 de febreiro de 2005 mediante un convenio de colaboración subscrito entre a **Xunta de Galicia**, a través do **Instituto Galego de Vivenda e Solo**, o **Concello de Vigo** e o **Consortio da Zona Franca de Vigo**. A duración inicial prevista no mesmo era de cinco anos. En xullo de 2007 o **Consortio da Zona Franca de Vigo (CZFV)** decide abandonar este convenio, cedendo o seu parte ao IGVS, que a partir dese momento conta cun 90% de participación, correspondendo o 10% restante ao **Concello de Vigo**. O 16 de decembro de 2011 subscríbese entre ambos os socios un novo convenio que prorroga a actividade do **CCVV** ata o 30 de xuño de 2012. O 21 de marzo de 2012 o **Consello de Administración** deste organismo acorda a modificación dos seus estatutos, establecendo no seu artigo 6º a duración do **Consortio** ata o 30 de decembro de 2017. Uns meses antes da data de finalización, en maio de 2017, aprobouse unha nova prórroga, á vista dos bos resultados da intervención do **CCVV** e da necesidade de continuar coa mesma, por outro período de sete anos, ata o 30 de decembro de 2021.

Investimento acumulado en obra e rehabilitación

IMPORTE (miles €)



QUINCE ANOS DO CONSORCIO CASCO VELLO

Obxectivos

Os estatutos sinalan claramente a finalidade do **CCVV**: “O **Consortio Casco Vello de Vigo** ten como principal finalidade servir de motor no proceso de rehabilitación integral do centro histórico da cidade viguesa. Polo seu carácter público e grazas á colaboración entre as administracións local e galega, pode facilitar aos propietarios de inmobles na área a venda dos edificios para que sexan rehabilitados e postos no mercado. Por tanto, o consorcio encárgase especialmente da ordenación urbana do **Casco Vello**, promovendo e executando proxectos arquitectónicos modernos pero coherentes coa fisonomía do barrio. A finalidade principal dos edificios rehabilitados é o uso como vivenda social, preferentemente en alugueiro, e como locais comerciais. Para o **Consortio** é básica a revitalización do centro histórico a todos os niveis. Por iso promove que tamén na zona establézanse organismos que dinamicen a vida cotiá”.

A continuación preséntanse unha táboa que recolle as actuacións máis destacados da actividade acometida por este organismo ao longo destes quince anos de actividade.

QUINCE ANOS DO CONSORCIO CASCO VELLO

| Ubicación | Vivendas | Situación | Locais | Superficie total construída m2 | Superficie útil vivendas m2 | Superficie locais m2 | Data fin obras | Autor proxecto |
|--|-------------------|----------------------|----------------|--------------------------------|-----------------------------|----------------------|----------------|---|
| Real,25 | 3 (para realoxos) | 1 vendida 1 ocupada | 1 | 426,02 | 249,35 | 72,17 | 2009 | CCVV |
| Real, 16 | 3 | 1 pendente escritura | 3 | 696,81 | 180,79 | 332,17 | 2009 | CCVV |
| Abeleira Menéndez, 11 | 1 | Vendidas | 1 | 149,14 | 59,90 | 57,40 | 2009 | Cristina Cameselle |
| Abeleira Menéndez, 13-15 | 6 | Vendida | 2 | 572,07 | 298,17 | 78,24 | 2010 | Antonio Iglesias. MASFORMA SL |
| Abeleira Menéndez 24-26 | 5 | Vendidas | 3 ¹ | 660,87 | 295,87 | 163,06 | 2009 | Martín de Cominges Carballo |
| Abeleira Menéndez 18-20 | 4 | Vendidas | 1 | 468,92 | 253,03 | 55,18 | 2010 | María Mariño de Oya |
| Santiago, 19 | 1 | Vendidas | 1 | 149,15 | 66,10 | 38,85 | 2010 | Cristina Cameselle |
| Santiago, 11-13-15-17 | 8 | Vendida | 2 | 926,54 | 457,13 | 115,64 | 2010 | Gabriel Santos Zas e Cesáreo Padrón Conde |
| Cruz Verde, 5 | 6 | Vendidas | 2 | 689,95 | 358,09 | 91,60 | 2010 | Andrés Touceda Gómez e Iván Mosquera Fuembuera |
| Rúa Ferrería, 11-13-17-19/ Rúa San Sebastián, 8-12-14 | 9 | Vendidas | 1 | 1146,00 | 669,86 | 98,80 | 2012 | Cendón-Vázquez S.C.P. |
| San Sebastián, 8-12-14 | 4 | Vendidas | 1 | 696,86 | 230,87 | 28,10 | 2012 | Beatriz González |
| Hortas, 10-12 | 5 | Vendidas | - | 482,37 | 404,46 | | 2012 | Javier Vázquez e Gerardo Villanueva |

| Ubicación | Vivendas | Situación | Locais | Superficie total construída m2 | Superficie útil vivendas m2 | Superficie locais m2 | Data fin obras | Autor proxecto |
|--|------------------------|------------------------------------|-----------|--------------------------------|-----------------------------|----------------------|----------------|--|
| Ferrería, 25-27-29-31 | 6 | Vendidas | 4 | 781,85 | 441,59 | 186,92 | 2012 | María A. Leboreiro Amaro |
| Canellón do Estreito, 12 | 2 | Vendidas | - | 155,27 | 155,27 | | 2012 | Gabriel Santos Zas |
| Ferrería, 33-35 | 4 | Vendidas | 1 | 493,80 | 266,73 | 52,95 | 2013 | J.A.S.C. |
| Ferrería, 3-5-7 | 4 | Vendidas | 3 | 549,04 | 271,93 | 110,42 | 2015 | José Luis Díaz Mateo |
| San Sebastián, 24-26 | 4 | Vendidas | 1 | 529,01 | 244,86 | 61,96 | 2015 | Antonio Cominges e Rogelio Pérez |
| San Sebastián, 4-6/ Subida ao Castelo, 5-7 | 10 | Vendidas | 2 | 1.130,00 | 594,28 | 67,34 | 2014 | Javier Franco e Vicente Pintos, Arquitectos S.L.P. |
| Ferrería, 10-12 | 2 | Vendidas | 1 | 254,07 | 113,58 | 37,48 | 2017 | Herald Binkele e Antonio de Cominges Carvalho |
| Ferrería, 45-47 | 4 | Vendidas | 1 | 574,25 | 301,07 | 63,60 | 2017 | Eva María Castro Alvarez |
| Subida ao Castelo, 12 | 4 | Vendidas | - | 373,65 | 261,05 | | 2018 | JASC Jesús Cordeiro |
| Subida á Costa, 5 | 1 | Vendida | 1 | 225,30 | 69,70 | 96,31 | 2018 | José Luis Díaz Mateo |
| Ferrería, 8 | 1 | Vendida | 1 | 179,04 | 115,92 | | 2018 | Ramón Viéitez Rodríguez e Alberto Cebral Loureda |
| Cruz Verde, 8 | 1 | Vendida | - | 254,07 | 119,65 | | 2019 | Emilio Estévez Fernández |
| Cruz Verde, 12 | 2 | 1 Vendida 1 pendente escriturar | 1 | 285,40 | 132,52 | 30,06 | 2020 | Beatriz Sierra Sobrino |
| TOTALES | 100² | | 34 | 12.849,47 m2 | 6,611,77m2 | 1.433,93 m2 | | |

1) Inicialmente un dos locais ía ser unha vivenda, pero non cumpre a normativa de habitabilidade e destinase a local.

2) O total inclúe 8 vivendas achegadas pola Xunta de Galicia en Ferrería-Subida ao Castelo no momento da constitución do CCVV pero non rehabilitadas directamente por este organismo.

PROGRAMA VIVENDAS

OBRA NOVA DO CCVV
FICHAS DAS PROMOCIÓNS

PROGRAMA VIVENDAS OBRA NOVA DO CCVV

A actividade construtiva do **CCVV** ao longo de 2020 centrouse nas tarefas de rehabilitación de cinco edificacións: **Cruz Verde, 12; Praza do Berbés, 41; Abeleira Menéndez, 16; San Francisco, 15** e **Praza do Berbés 29-31**.

Cruz Verde, 12.

Concluída no último trimestre do ano o sorteo para a adxudicación das súas dúas vivendas levou a cabo en novembro. As características desta rehabilitación poden verse na sección **Sorteos Realizados** (páxina 28).

Praza do Berbés, 41.

A primeira intervención directa do **CCVV** na emblemática **Praza do Berbés** permitirá recuperar a que no seu día foi un dos mellores exemplos da vivenda mariñeira tradicional galega que, con todo e como o resto das construcións da contorna, sufrira numerosas alteracións tanto nos seus usos como nas súas dimensións.

O proxecto do arquitecto *David Pérez García* xogou coa circunstancia de que o edificio conta con fachada cara a dúas rúas, a propia **Praza do Berbés** e a **Rúa San Francisco**, para crear dúas vivendas tipo dúplex, cada unha delas con acceso independente, o que permitiu un mellor aproveitamento do espazo dispoñible. Así mesmo, e para favorecer a iluminación solar e a ventilación das dúas vivendas, o edificio conta cun patio de luces situado na parte posterior, cara á **Rúa San Francisco**, accedéndose á vivenda desa fachada a través dun pequeno voladizo.



PROGRAMA VIVENDAS OBRA NOVA DO CCVV

O edificio foi adquirido en setembro de 2017 e o investimento realizado polo Consorcio nesta recuperación é de 235.003 euros. As dúas vivendas, de 70 e 80 metros cadrados respectivamente, contan con dous dormitorios.

Abeleira Menéndez, 16

Un investimento de 191.639,35 € (+ IVE) permitirá recuperar unha das últimas vivendas pendentes de rehabilitación nesta importante vía do **Casco Vello Alto**, onde o Consorcio desenvolveu unha parte significativa da súa actuación. O proxecto de *Marta Vilas Rodríguez* dará nova vida á que é considerada como unha das vivendas de maior valor arquitectónico da zona, segundo recóllese na súa ficha do **PEPRI**. O resultado é unha originalísima edificación que conta cun local comercial, con acceso desde **Abeleira Menéndez**, e unha vivenda tipo dúplex á que se accede desde as escaleiras laterais que comunican a citada rúa coa praza de **Subida ao Castelo**.

A superficie útil será de 140,42 m², dos que 48,32 serán destinados ao local comercial. A vivenda terá dous dormitorios, situados na planta primeira, un baño e un aseo. Tamén conta cun balcón que percorre toda a fachada á altura da segunda planta. No proxecto destaca o radical emprego de materiais como vidro e aceiro para lograr unha transición "suave" entre os edificios máis tradicionais da zona e elementos máis modernos como as citadas escaleiras ou a veciña **Pinacoteca Francisco Fernández del Riego**.

San Francisco, 15

No mes de xuño aprobouse por parte do **Comité Executivo do CCVV** a licitación das obras desta promoción, por un importe de 369.812,05 €. O proxecto, asinado polo arquitecto *Rafael Cabeza Rey-Stolle*, contempla a creación de dúas vivendas tipo dúplex, con acceso independente para cada unha delas: a denominada vivenda A a través do lateral do edificio e a vivenda B pola rúa **Poboadores**. As dúas divídense en zona de día, situada nas plantas inferiores, onde se sitúan un salón-comedor-cociña, un aseo e un lavadoiro-tenda, e zona de noite, formada por tres dormitorios e un baño que se sitúan nas plantas superiores.

A vivenda A ocupa a planta baixa e o primeiro piso e ten unha superficie de 110,84 metros cadrados. A vivenda B, de 119,74 metros cadrados, sitúase nas plantas segunda e terceira do edificio.



Praza do Berbés 29-31

No último trimestre do ano comezaron as obras da que está chamada a ser unha das maiores rehabilitacións acometidas polo **CCVV** nos últimos anos, xa que a intervención supoñerá a creación dunha superficie construída de 795,60 metros cadrados, para o que se investirán 1.127.360,74 euros. Esta cifra resulta en realidade de actuar sobre tres edificios –**Praza do Berbés,29; Praza do Berbés, 31 e Poboadores, 40**-agrupados nunha única rehabilitación que permitirá dotar á zona de catro novas vivendas e un local comercial. O proxecto, elaborado polo estudo do arquitecto *Javier Vázquez Fernández*, opta por manter a diferenciación dos tres edificios nas súas fachadas, lográndose a integración vertical das vivendas, local e zonas comúns a través dun ascensor e unhas escaleiras interiores.

En canto á distribución a planta baixa, situada ao nivel da **Praza do Berbés**, aloxará zonas comúns e un local comercial de 77,10 m². Na primeira planta estarán situados catro rochos, zonas comúns e unha vivenda de 97,35 m², dotada cun dormitorio e un baño. As plantas segunda e terceira aloxarán unha vivenda cada unha delas, ambas de dous dormitorios e dous baños e unha superficie de 135,75 e 112,5 metros cadrados respectivamente. A última das vivendas será un triplex de 98,80 metros cadrados, tamén dotado con dous dormitorios e dous cuartos de baño, que se distribuirá entre as plantas cuarta, quinta e sexta.



Foto: Alex Fernández Photography




Foto: Alex Fernández Photography

FICHAS PROMOCIÓN

PROGRAMA VIVENDAS

FICHAS PROMOCIONS

Dúas novas vivendas e un novo local comercial nunha das rúas máis tradicionais do Casco Vello vigués serán o resultado da intervención nesta edificación adquirida polo **CCVV** en xullo de 2016.

Número vivendas: 2

Número locais: 1

Proxecto: Beatriz Sierra Sobrino

Aprobación proxecto: Outubro 2018

Fin da obra: Novembro 2020

Características da vivenda:

Vivenda A: 2D + S.C.K + B + LV.T 64,40 m² útiles

Vivenda B: 2D + S.C.K. + B + LV.T 68,12 m² útiles

Local: 30,60 m² útiles

(10ª FASE) CRUZ VERDE, 12




Foto: Alex Fernández Photography

(11ª FASE) BERBÉS, 41

PROGRAMA VIVENDAS FICHAS PROMOCIONS

Adquirido en setembro de 2017 o **CCVV** aborda a rehabilitación dunha das vivendas mariñeiras tradicionais mellor conservadas na fachada marítima de Vigo. O proxecto permitirá crear dúas novas vivendas tipo dúplex, unha con acceso desde a **Ribeira do Berbés** e outra desde a **Rúa San Francisco**, cara a onde abre outra das súas fachadas. Manteranse como elementos a conservar

as fachadas, plataformas pétreas dos balcóns, gárgolas, canzorros e soportais.

Número vivendas: 2

Superficie construída total: 195,71 m²

Proxecto: Agustín Canales Barrutia

Fin da obra: Decembro 2020

Características da vivenda:

Vivenda 1: 2D + S.C.K + B + LV.T
70,03 m² útiles

Vivenda 2: 2D + S + C.K. + 2B + LV.T
80.05 m² útiles



(11ª FASE) ABELEIRA MENÉNDEZ, 16

PROGRAMA VIVENDAS FICHAS PROMOCIÓN

Considerada como unha das vivendas de maior valor arquitectónico da zona alta do **Casco Vello de Vigo**, a intervención do **CCVV** neste inmovble permitirá crear unha nova vivenda, así como un local comercial na planta baixa.

A intervención ten lugar nunha das rúas onde o **Consortio Casco Vello** levou a cabo un maior número de intervencións desde a súa creación.

Número vivendas: 1

Número locais: 1

Proxecto: Marta Vilas Rodríguez

Características da vivenda:

Vivenda: 2D + S + K + B + A + LV.T

101,63 m² útiles

Local: 57,26 m² útiles




PROGRAMA VIVENDAS FICHAS PROMOCIONS

(12ª FASE) BERBES 29-31

O **CCVV** aborda nesta ocasión a rehabilitación de dous edificios, agrupados nunha única leira con anterioridade á súa adquisición, para dar lugar a un dos proxectos de maior superficie (451 m²) rehabilitada dos

acometidos por este organismo na zona baixa do Casco Vello. O conxunto resultante terá unha orientación máis pública cara á **Praza do Berbés**, cara á que se abrirá o local comercial que se inclúe no proxecto, en tanto que a parte residencial concentrarase na zona traseira. A edificación contará con ascensor e un rocho para cada unha das vivendas. Prestarase especial atención á conservación do arco mariñeiro tradicional propio das edificacións desta zona.



Número locais: 1

Número vivendas: 4

Rochos: 4

Proxecto: Javier Vázquez Fernández

Data adxudicación: 14/08/2020

Empresa construtora: Abal S.A.

Características das vivendas:

Vivenda 1: D + SCK + B + LV.T Sup. Útil: 76,54 m²

Vivenda 2: 2D + K + SC + 2B + LV.T Sup. Útil: 111,25

Vivenda 3: 2D + K + SC + 2B + LV.T Sup. Útil 112,50 m²

Vivenda 4 (tríplex): 2D + K + SC + 2B + LV.T Sup. Útil 98,75

Local Comercial: Sup. Útil 69,35 m²

(12ª FASE) SAN FRANCISCO, 15

PROGRAMA VIVENDAS FICHAS PROMOCIONS

Os condicionamentos impostos polo tamaño da superficie do solar, as diferenzas de nivel entre a parte dianteira e traseira do edificio e a necesidade de respectar no maior grao posible a súa imaxe e a súa adaptación á tipoloxía construtiva da zona levaron a expor un proxecto que supoñerá a creación de dúas vivendas, cada unha delas distribuídas en dúas plantas -unha dedicada a zona de día e a outra a zona de noite con tres dormitorios- e con acceso independente.

Número Vivendas: 2

Proxecto: Rafael M. Cabeza Rey-Stolle.

Data adxudicación: 14/08/2021.

Empresa construtora: PRACE, Servicios y Obras S.A.



VIVENDA A (inferior)

Planta Baixa

Lavadeiro-Tendal 7,16 m²

Aseo 3,05 m²

Escaleira 3,29 m²

Distribuidor 7,28 m²

Salón-Comedor-Cociña 29,01 m²

SUP. ÚTIL TOTAL P. BAIXA 49,79 m²

Planta 1

Dormitorio 1 11,76 m²

Dormitorio 2 10,46 m²

Dormitorio 3 16,48 m²

Vestíbulo 7,02 m²

Baño 6,56 m²

Corredor 6,13 m²

Escaleira 1,51 m²

Balcón (total 1,65 m²) 50%= 0,83 m²

SUP. ÚTIL TOTAL P.1 60,75 m²

VIVENDA B (superior)

Planta 2

Carto Contadores 2,47 m²

Lavadeiro-Tendal 3,02 m²

Vestíbulo 3,95 m²

Aseo 1,98 m²

Escaleira 2,60 m²

Distribuidor 12,23 m²

Salón-Comedor-Cociña 39,07 m²

Balcón (total 1,57 m²) 50%= 0,79 m²

SUP. ÚTIL TOTAL VIVENDA P.2 63,64 m²

Planta 3

Dormitorio 1 13,42 m²

Dormitorio 2 10,36 m²



Dormitorio 3 16,38 m²

Baño 6,67 m²

Corredor 7,15 m²

Escaleira 2,03 m²

SUP. ÚTIL TOTAL P.3 56,01 m²



Número de vivendas: 6

Número locais: 1

Proxecto: Marian Leboreiro Amaro

Características das vivendas:

4 Vivendas tipo A: (bloque Elduayen)

2D + S.C.C + 1 A + 1B + LT / (60,13/60,31/61,15 m² útiles)

Vivenda B: (Dúplex Ferrería)

3D + S.C.C + 2B + LT / 90,11m² útiles

Vivenda C: (Dúplex Ferrería)

3D + S.C + C + 1 A + 1B + LT / 106,06 m² útiles

4 rochos correspondentes ás vivendas:

5,79m² / 4,78m² / 4,52m² / 7,97m²

Característica do local comercial:

Superficie: 131,5 m²



PRÓXIMAS PROMOCIONES

PRÓXIMAS PROMOCIÓN

FICHAS PROMOCIONES

SUBIDA AO CASTELO, 9

Número vivendas: 2

Proxecto: Pablo Menéndez Paz (MAM Arquitectura)

Superficie construída total: 222,43 m²

Características da vivenda:

Vivenda A: 2D + S.C. + C + 2B + LT/T
superficie útil 94,78 m²

Vivenda B: 2D + S.C. + C + 2B + LT/T
superficie útil 91,72 m²

A singularidade das solucións arquitectónicas propostas por *Pablo Menéndez Paz* para solucionar os condicionantes do tamaño e a contorna da parcela onde se situará serán as notas distintivas da terceira intervención do Consorcio nesta rúa. O resultado será un edificio con dúas vivendas unifamiliares tipo tríplex, vertebradas ao redor das escaleiras de cada unha delas que definen dous espazos diferenciados: un de servizos orientado cara á zona interior e outro de convivencia que mira cara á rúa.



PRÓXIMAS PROMOCIONES

FICHAS PROMOCIONES

(FASE: ELABORACIÓN DO PROXECTO)

REAL, 13


Número vivendas: 2

Proxecto: Rodríguez y Rivoira Arquitectos

Superficie construída total: 455 m²

Características da vivenda: 1D + S.C.C + 1B + LT
62,78 m²

A principal arteria do barrio histórico de Vigo será o escenario dunha das próximas rehabilitacións a acometer polo **CCVV**. O proxecto do estudo *Rodríguez e Rivoira Arquitectos* plantexa un edificio de catro plantas cunha serie de vivendas tipo dun dormitorio, salón-comedor-cociña e baño cunha superficie media de 65 m².



SORTEO CRUZ VERDE, 12 Y REAL, 25 2º ANDAR



SORTEO CRUZ VERDE, 12 Y REAL, 25 2º ANDAR

O 24 de novembro levouse a cabo no salón de actos do **Instituto Galego de Vivenda e Solo** o acto de adxudicación de tres **Vivendas de Promoción Autónoma (VPA)** resultantes do labor de rehabilitación do **Consortio Casco Vello de Vigo**. O sorteo, o décimo destas características, tivo nesta ocasión dúas notas distintivas: a primeira delas é que por primeira vez incluíuse no mesmo unha vivenda procedente da conclusión dun dereito de superficie constituído no seu día a favor de

propietarios de vivendas en edificios rehabilitados polo **CCVV**. O outro trazo diferenciador do sorteo, celebrado ante notario, como establece o procedemento de adxudicación das **VPA**, foi a súa transmisión en streaming, ante a imposibilidade de asistencia de público ao lugar de celebración como consecuencia da pandemia de Covid.

As vivendas ofertadas nesta ocasión estaban situadas en **Cruz Verde, 12** e en **Real, 25**. No primeiro caso tratábanse de dous apartamentos que ocupan a totalidade do edificio rehabilitado polo Consorcio ao longo de 2020, en tanto que no caso de **Real, 25** ofertábase a segunda planta deste edificio, rehabilitado en 2009 e procedente, como se sinalou anteriormente, da conclusión dun dereito de superficie. En total admitíronse un total de 84 candidaturas para optar a algunha das tres vivendas.

Cruz Verde 12 ∨



Foto: Alex Fernández Photography

CARACTERÍSTICAS E DOTACIÓNS

CRUZ VERDE 12

A actuación desenvolveuse nun edificio adquirido polo **CCVV** en xullo de 2017. O proxecto foi elaborado por *Beatriz Sierra Sobrino* que plantexó a creación de dous apartamentos nesta céntrica rúa do Casco Vello, moi próxima á **Porta do Sol** ou ao **Concello de Vigo**.

Distribución: Vivenda A, superficie de 65,90 m². 2D + S. C. K. + B + LV- T 64,40 m² útiles Prezo: 111.000 € + IVE

Vivenda B, superficie e 73,45 m². Vivenda B: 2D + S. C. K. + B + LV- T 68,12 m² útiles Prezo: 126.000 € + IVE

Real, 25 2ª planta

Distribución: Superficie: 83,08 m². 2D + 2 B + S- C + K. Prezo: 147.360,66 €



Real 25 >

Foto: Alex Fernández Photography

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(REALOXOS) REAL, 25

Rehabilitación do edificio conservando a tipoloxía orixinal cunha vivenda por andar e un local comercial na planta baixa.

As vivendas recollen aos ocupantes dos edificios adquiridos polo **CCVV** para albergar os **Rexistros da Propiedade**.

Número vivendas: 3

Número de locais: 1

Superficie construída total: 426,02 m²

Empresa construtora: Aldasa

Proxecto: CCVV

Dirección de obra: Masforma S.L.

Rafael Docampo

Fin de obra: Finalizada en 2009

Características da vivenda e local:

1 Vivenda 1A: 2D+S.C.+K+2B

85,92 m² útiles

1 Vivenda 2B: 2D+S.C.+K+2B

80,52 m² útiles

1 Vivenda 3C: 2d+S.C.+K+2B

82,91 m² útiles

Local 1: 72,17 m² cualificados



(1ª FASE) REAL, 16

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

Número viviendas: 3
Número de locais: 1
Superficie construída total: 696,81 m²
Empresa construtora:
Cnes. A. Varela Villamor
Proxecto: CCVV
Dirección de obra:
Masforma S.L. Rafael Docampo
Fin de obra: Finalizada en 2009

Características da vivenda e local:
1 Vivenda 2A: 1D+S.C.+K+1B
50,64 m² cualificados
1 Vivenda 2B: 1D+S.C.+K+1B
51,76 m² cualificados
1 Vivenda 3: 2D+S.C.+K+2B
78,39 m² cualificados
Local 1: 332,17 m² útiles

Edificio con protección estrutural onde se conservaron os elementos protexidos ocupando as tres plantas baixas para uso comercial que serve de eixo dinamizador para a zona. Xunto a ese uso comercial resultaron outras tres vivendas nos andares superiores.




FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(1ª FASE) ABELEIRA MENÉNDEZ, 11

Neste edificio elimináronse dous andares fóra de ordenación (cuarto e baixo cuberta) e reacolléronse os seus propietarios nas vivendas de Ferraría.

Número vivendas: 1 (+2 privadas)
Número de locais: 1
Superficie construída total: 149,15 m²
Empresa construtora: Dicsa
Proxecto: Cristina Cameselle
Dirección de obra: Cristina Cameselle

Fin de obra: Finalizada en 2009
Características da vivenda e local:
1 Vivenda: 2D+S.C.+K+1B
59,90 m² cualificados
Local 1: 57,40m² útiles



(1º FASE) ABELEIRA MENÉNDEZ 13-15

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

Número vivendas: 6

Número locais: 2

Superficie construída total: 572,07m²

Empresa construtora: Dicsa

Proxecto: Masforma S.L. e Antonio Iglesias

Dirección de obra: Masforma S.L., Antonio Iglesias e Cristobal Brañas

Fin de obra: Rematada en maio de 2010

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda 1A: 1D+S.C.K.+1B

52,48 m² cualificados

1 Vivenda 1B: 1D+S.C.K.+1B

46,76 m² cualificados

1 Vivenda 2A: 1D+S.C.K.+1B

50,64 m² cualificados

1 Vivenda 2B: 1D+S.C.K.+1B

49,64 m² cualificados

1 Vivenda 3A: 1D+S.C.K.+1B

50,64 m² cualificados


1 Vivenda 3B: 1D+S.C.K.+1B

48,01 m² cualificados

Local 1: 49,20 m² útiles

Local 2: 29,04 m² útiles

Agregáronse dous edificios compartindo un núcleo de escaleiras e dotándoo do ascensor co resultado dunha vivenda por planta en cada unha das parcelas orixinais. En total, seis vivendas e dous locais.



FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(1º FASE) SANTIAGO 11-13-15-17

Agregación de catro edificios mantendo a estrutura parcelaria e compartindo o núcleo de escaleiras e ascensor. En total, oito vivendas e catro locais comerciais.

Número vivendas: 8

Número de locais: 4 (*Estudo de arquitectura Torrado Fernández e a Editorial Elvira*)

Superficie construída total: 926,54 m²

Empresa construtora: Dicsa

Proxecto: Gabriel Santos Zas e Cesáreo Padrón Conde

Dirección de obra: Gabriel Santos Zas, Cesáreo Padrón Conde e Antonio Carballo Couñago

Fin de obra: Rematada en maio de 2010

Características das vivendas e locais:

2 Vivendas A: 1D+S.C.+K+1B+R+L.T.

49,52 m² cualificados

2 Vivendas B: 1D+S.C.+K+1B+R+L.T.

44,36 m² cualificados

2 Vivendas C: 2D+S.C.+K+2B+R+L.T.

61,19 m² cualificados

1 Vivenda D (dúplex): 2D+S.C.+K+2B+R+L.T.

74,13 m² cualificados

1 Vivenda E (dúplex): 2D+S.C.+K+2B+R+L.T.


72,05 m² cualificados

Local 1: 51,91 m² útiles

Local 2: 25,42 m² útiles

Local 3: 19,84 m² útiles

Local 4: 18,47 m² útiles



(1ª FASE) SANTIAGO, 19

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A AÑOS ANTERIORES

Número viviendas: 1 (+1 privada)

Número de locais: 1

Superficie construída total: 149,15 m²

Empresa construtora:

Cnes. A. Varela Villamor

Proxecto: Cristina Cameselle Solá

Dirección de obra:

Cristina Cameselle Solá

Fin de obra:

Rematada en setembro de 2010

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda: 1D+S.C.K.+1B+L+T

66,10 m² cualificados

Local 1: 38,85 m² útiles

Edificios de tres andares nos que o **CCVV** é propietario da planta baixa e primeiro andar. A comunidade de propietarios acomete as obras que afectan aos elementos comúns (cambio de cuberta, reforma de fachada e medianeira, consolidación da escaleira e o portal, así como a reforma de todas as instalacións colectivas).



FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

Agregáronse dous edificios compartindo un núcleo de escaleiras con acceso dende a **Rúa Abeleira Menéndez** pola planta baixa e dende a **Rúa San Sebastián** polo segundo andar. Resultou unha vivenda por andar en cada unha das edificacións orixinais. En total, seis vivendas e dous locais.

Número vivendas: 6

Número de locais: 2 (*Establecemento Matina e a oficina Servizo de Notificacións e Embargos da Xunta*)

Superficie construída total: 660,87 m²

Empresa construtora: Cnes. A. Varela Villamor

Proxecto: Martín de Cominges Carballo

Dirección de obra: Martín de Cominges Carballo e Juan José García Mares

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda 1A: 2D+S.C.K.+1B

66,62 m² cualificados

1 Vivenda 1B: 2D+S.C.K.+1B

58,92 m² cualificados

1 Vivenda 2A: D.S.C.K.+1B (estudio)

31,41 m² cualificados

1 Vivenda 2B: 1D+S.C.K.+1B

42,61 m² cualificados

1 Vivenda 2C: 2D+S.C.K.+1B

58,92 m² cualificados

1 Vivenda 3A: 2D+S.C.K.+1B

68,80 m² cualificados

Local 1: 95,58 m² útiles

Local 2: 67,09 m² útiles



(2ª FASE) ABELEIRA MENÉNDEZ 18 - 20

